Querida Natalia:

Estamos a rematar o noso paso por primaria e estámonos despedindo de todos os profesores, e tamén querémolo facer de ti dunha forma máis especial, porque a eles poderemos voltar o colexio a velos pero a ti xa non poderemos verte máis.

Fuches a nosa profesora de Educación Física tódolos cursos de primaria ata que enfermaches, e por iso che temos un especial cariño.

Eras unha persoa alegre, divertida, comprensiva, eras a nosa profe e botámoste de menos. Ensináchenos a saber ata onde podíamos correr, ata onde nos podíamos estirar, a ser compañeiros no deporte e, sobre todo, a disfrutar facéndoo.

Cando celebramos o festival de fin de curso de 4º, anunciaron que ao ano seguinte serías titora dun curso, que deixabas a Educación Física. Nós entendemos que te ías do colexio e botámos a chorar e abrazámonos a ti. Naquel momento dixéchesnos: "Non choredes que en setembro volvo e seguiremos véndonos, aínda que o mellor non sexa a vosa profesora".

Chegou setembro e ti non puideches volver, estabas enferma. Nós preguntabamos por ti moitas veces e sempre nos dicían que estabas ben e que ías volver pronto. Pero... iso non sucedeu así.

Un día chegou a noticia de que te foras. Iso foi moi triste. Definitivamente xa non ías volver, xa non te íamos ver máis. E aí démonos conta de que aquela despedida de 4º, dándoche aquela aperta tan forte, convertiuse na despedida de verdade, aínda que sempre te levaremos no noso corazón.

A nosa titora, tamén quere contarche que: estivemos confinados por culpa dun becho pequeniño, pero potente; que nos fixo determos a pensar, que non temos un mundo tan perfecto, e fixarmos no importante.

Seguro que ti xa pensache no importante, os amigos que te botan de menos; non te lembrabas desta anécdota: aló polo ano 95 nun simposium de E. F. en Lugo; ti, eu, e moit@s deportistas xuntos. Nós cheas de medo, por se non saían as acrobacias, estabamos nun rincón, de espectadoras, cando un compañeiro incluíunos no seu grupo.

Daquela non estaba de moda a inclusividade, pero existía; e coa túa axuda superei o medo no deporte, non esquecerei o que me fixeche sentir.

Non chegarei a ser gran deportista, pero si adoro o deporte, e descubrino contigo.

Admirable na túa enfermidade, un exemplo a seguir.

Con estas palabras dámosche as grazas por todo o que nos deches e

todo o que aprendemos de ti.

Alumnos de 6º B curso 2019-2020